

A FEIRIÑA



en Outes!



Concello de Outes

A Feiriña

Bases sorteo dun xantar ou cea para dúas persoas

Concello de Outes

1.- O Concello de Outes, co obxectivo de incentivar o consumo nos establecementos comerciais e hostaleiros da localidade, sortea un xantar ou cea para dúas persoas valorada en 80 euros.

2.- Poden participar no sorteo todas aquelas persoas, maiores de 18 anos, que consuman e merquen nos negocios que participan na segunda edición da *Feiriña* organizada polo Concello de Outes.

As persoas que consuman nos negocios que participan no evento *A Feiriña*, recibirán unha rifa para que poidan participar do sorteo. As persoas cubrirán a rifa co nome, apelidos e número de teléfono. Unha vez cuberta deberán depositarse na urna do posto de Turismo do Concello de Outes.

3.- O sorteo celebrarase o día 21 de agosto, ás 21:00 horas no posto de Turismo do Concello de Outes. Será un sorteo público e farase nun espazo visíbel. Extraeranse unha rifa da urna e lerase en voz alta o nome da persoa gañadora.

4.- O Concello de Outes notificará por teléfono á persoa agraciada que é a gañadora do premio.

5.- O premio consistirá nun xantar ou unha cea valorada en 80€ nun restaurante do concello de Outes.

6.- As bases deste concurso estarán publicadas na páxina web www.outes.gal e no posto de Turismo do Concello de Outes.

7.- O premio non poderá ser trocado polo seu importe en metálico, nin por outra compensación económica.

8.- O Concello de Outes tratará de forma segura e co máximo coidado todos os datos persoais. De conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos, as persoas participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces. As persoas participantes teñen dereito a acceder, rectificar e solicitar a eliminación dos seus datos a través do enderezo electrónico normalizacion@outes.gal indicando o motivo da petición.

9.- A participación no sorteo implica a expresa aceptación das bases.

10.- Resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases na medida en que non prexudique os dereitos das persoas participantes no concurso.